





RÍO MERO DA PONTE DO BURGO A CECEBRE

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2020



Distancia: 10 km (lineal)
Dificultade: baixa



Un tramo da ruta no bosque da ribeira.

Unha camiñada duns 10 km, 21 se a facemos de ida e volta, por unha ou outra beira do río, por un camiño de bo andar, amplo e con bo firme que compartimos peóns e ciclistas, sen dificultades, cunha única subida, e a súa baixada, na contorna da fábrica de nutrimentos animais, e con pontes de madeira ou de estrada que permiten cambiar de beira e mudar ou cortar o percorrido a vontade. Un camiño case chan e á sombra para facer en calquera época do ano e axeitado para calquera idade que tanto se pode utilizar para facer un paseo de vagar como unha actividade deportiva.

Un traxecto que percorre o último tramo do curso do río Mero no que xa corre “libre” ata o mar, mingnado no seu caudal, gardado no encoro, retido varias veces nos atrancos, estragados, dos muíños, nos dos que quedan e nos do que xa non existen, e encaixado en moitos puntos entre paredes, un río silencioso e agochado que ofrece pouco que ver na corrente pero a o que acompaña unha gran cantidade de vexetación de ribeira que, en moitos puntos, se estende por unha ampla chaira de inundación, na que medran varias clases de salgueiros, ameneiros, carballos, freixos, abeleiras, loureiros, lamigueiros, bidueiros, pradairos e outras especies silvestres e de cultivo -algúns de moi bo porte-, e a flora acompañante, entre a que medran especies alleas, un bosque de ribeira que ofrece sombra no verán, deixa pasar o sol nos días de inverno, muda de cor no outono e que se renova cada primavera no que se escoitan máis que se deixan ver moitos paxaros propios dos espazos arborados.

Ponte medieval do Burgo, no inicio da ruta. Sobre a desembocadura do río Mero, entre os concellos de Cambre e Culleredo.



PERCORRIDO

Comezamos ao pé da **ponte do Burgo**, e da o mesmo facelo en Cambre que en Culleredo. Desde Culleredo seguimos o paseo ata a ponte da autoestrada e cruzamos alí pola pasarela a Cambre, e por Cambre seguimos o paseo ata a Barcala e desde alí o camiño indicado pola beira do río que nos vai levar, sen perda, dunha ponte á outra e ata o final do traxecto, aínda que perdemos algunha información complementaria porque que os paneis están estragados polos garabatos que impiden utilizarlos para o fin que foron colocados. A 1,5 km do final atopamos o **muíño de Peirao** unha fermosa construción de bo tamaño e fábrica coidada que dan mostra da importancia que tivo na súa época.

Se ao chegar ao **encoro de Cecebre** aínda nos quedan gañas de máis podemos facer unha ruta circular arredor dunha parte do mesmo, agora pola beira da estrada, a maior parte estreita, e achegarnos a Orto asentado no promontorio que se forma na confluencia dos ríos Mero e Barcés, agora brazos do encoro, pasando polas pontes que os cruzan e volver ao punto de partida co que lle sumamos outros 4,5 km á camiñada (facelo no sentido contrario ao xiro do reloxo para camiñar pola beira da estrada próxima ao encoro).



Unha das pontes peonís que permiten pasar dunha a outra beira do percorrido



Un detalle no camiño. A humidade das mañás destaca as arañeiras


Unha tilleira de 4.40 m de perímetro



No primeiro tramo do percorrido, máis urbano, destaca a presenza de especies invasora na canle do río




Río Mero. Baixa desde os montes da Tieira e, despois de 41 km de percorrido, desauga na ría do Burgo.





Muíño de Peirao (Bribes).
Construído a finais do século XVIII.
Aproveita as augas do río Mero para
accionar unha roda hidráulica vertical
(acea ou bruvia) e dúas rodas



Lavancos, unhas da aves máis comúns no encoro



Encoro de Cecebre. Foi construído entre 1975 e
1976 para fornecer de auga á Coruña. Aproveita
as augas dos ríos Mero e Barcés.



A auga desprende humidade ao ser
quecida polo primeiro sol da mañá.